



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

XDO. DE INSTRUCCIÓN N. 1 SANTIAGO DE COMPOSTELA

RUA VIENA S/N
Teléfono: 981540425/6/7 **Fax:** 981540428
Equipo/usuario: RF
Modelo: 429500

**DPA DILIXENCIAS PREVIAS PROC. ABREVIADO 2261/2018
P.A. 96/2019**

N.I.G: 15078 43 2 2018 0006088
Delito/Delito Leve: CALUMNIA
Denunciante/Querellante: MARIA DEL MAR SANCHEZ SIERRA
Procurador/a: EVA MARIA TOME SIEIRA
Abogado:
Contra: MIGUEL ANGEL DELGADO GONZALEZ
Procurador/a: MARIA DE LOS ANGELES FERNANDEZ RODRIGUEZ
Abogado: MANUEL MEIRIÑO SANCHEZ

AUTO

En Santiago de Compostela, a trece de maio do dous mil dezanove.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Pola Procuradora dona Eva María Tomé Sierra, actuando no nome e representación de dona María del Mar Sánchez Sierra, mediante escrito presentado con data 2 de decembro de 2018, formulouse querela polo suposto delito de calumnias e injurias contra don Miguel Angel Delgado González.

SEGUNDO.-En data 234 de xaneiro de 2019 ditouse auto acordando admitir a trámite a querela presentada.

RAZOAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.-Do resultado das dilixencias de instrución practicadas, moi especialmente o estudo da documentación unida a autos e o contido da declaración prestada polo querelado, despréndese a concorrencia dos seguintes indicios de criminalidade:

-Desde o día 11 de xullo de 2018, o querelado don Miguel Angel Delgado González comezou a remitir unha serie de comunicacións a un correo electrónico



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

secretaria.medios@xunta.gal) que non é persoal da querelante dona María del Mar Sánchez Sierra .

Sen que conste solicitude algunha no correo do 11 de xullo de 2018, achegou ao mesmo un escrito no que acusa á querelante de inxectar diñeiro público "a dedo" e relaciónaa cun suposto "plaxio" (documento nº2 da querela cuxo contido damos por reproducido).

O 18 de xullo de 2018, o querelado volveu remitir un correo electrónico ao referido enderezo, esta vez solicitando aclaracións do que denominou como "pre borrador artigo xornalístico". Na liña do correo anterior, continuou vertendo acusacións contra a querelante, afirmando que creou "un armazón de empresas para facturar fondos públicos á Xunta de Galicia vulnerando a Lei de Contratación Pública" (documento nº3 da querela cuxo contido damos por reproducido).

O Sr. Delgado é Director de xornais dixitais como "Xornal Galicia" ou "Diario Marítimo", entre outros. É propietario do dominio web www.diariomaritimo.com, mentres que os dominios web de "Xornal Galicia" (www.xornalgalicia.com e www.xornaldegalicia.es) están(ou estaban) rexistrados a nome de don Manuel Delgado González, irmán do querelado. Valéndose destes medios dixitais, o investigado difundiu graves acusacións e descualificacións cara a querelante a través de internet, para maior difusión e alcance. Os textos nos que se recollen esas manifestacións contéñense nos documentos 4 a 19 da querela e cuxo contido damos por reproducido, salientando os seguintes parágrafos:

A través de "Xornal Galicia":

- O 26 de xullo de 2018: "Mar Sánchez Sierra Secretaria de Medios utilizou a Axencia de Comunicación BAP Conde para adxudicar contratos á súa "amiga" Adelaida Domínguez Mouriño á parte dos convenios anuais e presuntamente "irregulares".

- O 28 de xullo de 2018: "A asesora de Feijoo (sic) María del Mar Sánchez (sic) financia a venda de roupa laboral e calzado,



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

roupa de policía, cursos de policía, páxinas web a gobernos do PPdeG".

Indícase que "financiou un armazón piramidal" e que "facilitou e canalizou" mecanismos de manipulación da contratación pública.

- O 29 de xullo de 2018: "Mar Sánchez (sic) Sierra, asesora de Feijoo aparece relacionada con turbios negocios relacionados con falecidos e (sic) incendios forestais que cualifican eles mesmos de terrorismo incendiario".

Tamén se afirma que "montou ou financiou "unha estrutura de colaboración estable de fondos públicos con membros do PP"; que "alimenta un "armazón de empresas piramidal" de membros do PPdeG con fondos públicos"; que creou "un auténtico e eficaz sistema de presunta corrupción institucional"; ou que fai "adxudicacións a dedo a afíns do PPdeG" dos fondos públicos.

- O 4 de agosto de 2018: "Mar Sanchez (sic) Sierra adxudica a "dedo" 399.982,44 euros por encargo de Feijoo (sic) para publicidade (subliminar) das actividades da Xunta (PPdeG). Contratista: J&J Publicidade & Comunicación, S.L."

- O 8 de agosto de 2018: "Mar Sánchez paga a axencias de comunicación o seu propio traballo para non verse comprometida coas adxudicacións a "dedo" a medios afíns".

"Mar Sánchez Sierra adxudica a xestión das campañas publicitarias do seu departamento na Xunta de Galicia a axencias de comunicación externas coa lista "oculta dos adxudicatarios afíns ao PPdeG" discriminando a medios de comunicación, cobrando os devanditos intermediarios a dúas bandas, por unha banda á Xunta e por outro solicitando comisión aos receptores das adxudicacións. Mar Sánchez Sierra, entre outras irregularidades podería estar a vulnerar directamente o artigo 14 da Constitución española, discriminando (sic) a todo aquel que non mostre servilismo ao PPdeG".



- O 27 de agosto de 2018: "Mar Sanchez Sierra usa ou seu horario laboral como Secretaria de Medios de Comunicación na Xunta para viaxar en avións privados de empresarios afíns ás campañas electorais do PPdeG".

- O 29 de agosto de 2018: "Feijóo a través de María del Mar Sanchez (sic) Sierra convertida en "mercenaria" para o uso de "traidores" que permitan asentarse indefinidamente na manipulación do poder".

Nesta publicación acúsase á querelante de "huntar (sic) con fondos públicos" a determinados medios de comunicación aos que "esclaviza"(sic) para mentir; que é "todo (sic) unha experta en (CORRUPCIÓN POLÍTICA) (sic) e engano ao contribuínte"; que move "millóns" de euros "ao seu libre albedrío (sic)" adxudicando literalmente a "dedo" diñeiros públicos desde un literalmente "cortello (sic) público" no que se converteu o seu departamento; que "move máis de 100 millóns de diñeiro público fora de todo tipo de control político, fiscal e administrativo".

Así mesmo, o querelado acusa á querelante de manipular medios de comunicación anteriormente "na súa etapa de Correos".

- O 8 de setembro de 2018: "Xornal Galicia presenta denuncia na Comisaría de Policía contra María del Mar Sánchez Sierra "Secretaria de Medios e Asesora de Feijóo" polo uso de fondos públicos para financiar plaxios e dereitos intelectuais de medios de comunicación".

Na publicación acúsase á querelante de tecer "unha rede de empresas para acceder a contratacións públicas a dedo" e de buscar "a obtención ilícita de importantes beneficios económicos á conta do erario público".

- O 20 de outubro de 2018: "A asesora persoal de Feijóo e Secretaria de Medios toma o control do acoso, coaccións e persecución xudicial baixo medo e terror contra Miguel Delgado e Pladesemapesga". Sinala que a querelante converte a



Presidencia da Xunta "nunha pirámide de acoso xudicial, persecución institucional, ameazas e coaccións"; e di que as "resolucións Oficiais en papel da Xunta de Galicia con datos falsos para lograr que prosperen as querelas criminais, son só algúns dos ardices (sic) xudiciais que emanan do acoso e derribo que tutela Mar Sánchez Sierra".

Na liña do anterior, o querelado sinala que "mediante o presente escrito denúnciase, delitos de COACCIÓNS e ACOSO por parte de María del Mar Sánchez Sierra previsto no artigo 172 do Código penal e demais de aplicación, totalmente acreditados, documentados e denunciados".

Así mesmo, denuncia que "se producen condutas reiteradas por medio das cales se menoscaba gravemente a liberdade e sentimento de seguridade da vítima, á que se somete a persecucións ou vixilancias constantes, chamadas reiteradas ou outros actos continuos de fustigación".

Anteriormente, o 7 de abril de 2018: "M^a del Mar Sánchez Sierra Secretaria xeral de Medios "reparte fondos públicos sen control" simplemente por afinidades políticas ao PPdeG e ordenes (sic) directas de Feijóo".

Do mesmo xeito, o querelado tamén publicou a través de "Diario Marítimo", outro xornal dixital do que é director e propietario do dominio web o seguinte:

- O 13 de agosto de 2015: "Mar Sánchez Sierra move máis de 100 millóns de diñeiro público fora de todo tipo de control político, fiscal e administrativo, negando calquera solicitude de información a través do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual Galego". "Mar Sánchez Sierra, estaría a xestionar a modo privado e particular partidas multimillonarias de diñeiro público a medio do Audiovisual de Galicia... INCREIBLE...?".

SEGUNDO.-Os feitos descritos poderían ser constitutivos dun delito continuado de calumnias dos artigos 205, 206 e 74 do



Código Penal e dun delito continuado de injurias do artigo 209 e 74 do Código penal, imputados a don Miguel Angel Delgado González, delitos dos comprendidos nos artigos 14.3 e 779.1 4º da Lei de axuizamento criminal, procede seguir os trámites que establece o capítulo II, Título III, Libro IV da dita lei procesual para o procedemento abreviado.

DISPOÑO

Continúese a tramitación das presentes dilixencias previas polos trámites do procedemento abreviado, por se os feitos imputados a don Miguel Angel Delgado González fosen constitutivos dun delito continuado de calumnias dos artigos 205, 206 e 74 do Código Penal e dun delito continuado de injurias do artigo 209 e 74 do Código penal.

Para o efecto déase traslado á acusación particular- non ao Ministerio fiscal por tratarse dun delito privado- co fin de que no prazo común de dez días formule un escrito de acusación no que soliciten a apertura do xuízo oral na forma prescrita pola lei ou ben o sobresemento da causa, sen prexuízo de que poida solicitar excepcionalmente dilixencias complementarias que considere imprescindibles para formular a acusación.

Notifíquese esta resolución ás partes que se constituíron, advertindo que contra esta pode interperse recurso de reforma e subsidiario de apelación dentro dos tres días seguintes á súa notificación, ou recurso de apelación dentro dos cinco días seguintes á súa notificación.

Así o acorda, manda e asina D^a ANA LOPEZ-SUEVOS FRAGUELA, MAXISTRADA do XULGADO DE INSTRUCCION N. 1 do SANTIAGO DE COMPOSTELA e o seu partido. DOU FE.

A MAXISTRADA

A LETRADA DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

XDO. DE INSTRUCCIÓN N. 1 SANTIAGO DE COMPOSTELA

-

RUA VIENA S/N
Teléfono: 981540425/6/7 **Fax:** 981540428
Equipo/usuario: RF
Modelo: N02600

DPA DILIGENCIAS PREVIAS PROC. ABREVIADO 0002261 /2018

N.I.G: 15078 43 2 2018 0006088
Delito/Delito Leve: CALUMNIA
Denunciante/Querellante: MARIA DEL MAR SANCHEZ SIERRA
Procurador/a: EVA MARIA TOME SIEIRA
Abogado:
Contra: MIGUEL ANGEL DELGADO GONZALEZ
Procurador/a: MARIA DE LOS ANGELES FERNANDEZ RODRIGUEZ
Abogado: MANUEL MEIRIÑO SANCHEZ

DILIGENCIA DE ORDENACIÓN

LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA D.^a ANTÍA ALVAREDO ARIAS

En SANTIAGO DE COMPOSTELA, a trece de mayo de dos mil diecinueve.

Dictado auto de continuación de las actuaciones por los trámites del Procedimiento Abreviado, dése traslado de las DILIGENCIAS PREVIAS PROC. ABREVIADO 0002261 /2018 a la acusación particular, no al Ministerio Fiscal por tratarse de un delito privado, a fin de que en el plazo de DIEZ DIAS, solicite la apertura de juicio oral, formulando escrito de acusación, o bien el sobreseimiento de la causa, sin perjuicio de que pueda solicitar excepcionalmente la práctica de las diligencias complementarias que considere indispensables para formular acusación.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante recurso de reposición a interponer en el plazo de **TRES DÍAS** siguientes a su notificación.

Así lo acuerdo y firmo, doy fe.

LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

XDO. DE INSTRUCCIÓN N. 1 SANTIAGO DE COMPOSTELA

-

RUA VIENA S/N
Teléfono: 981540425/6/7 **Fax:** 981540428
Equipo/usuario: RF
Modelo: 901000

DPA DILIGENCIAS PREVIAS PROC. ABREVIADO 0002261 /2018

N.I.G: 15078 43 2 2018 0006088
Delito/Delito Leve: CALUMNIA
Denunciante/Querellante: MARIA DEL MAR SANCHEZ SIERRA
Procurador/a: EVA MARIA TOME SIEIRA
Abogado:
Contra: MIGUEL ANGEL DELGADO GONZALEZ
Procurador/a: MARIA DE LOS ANGELES FERNANDEZ RODRIGUEZ
Abogado: MANUEL MEIRIÑO SANCHEZ

PROVIDENCIA MAXISTRADA

D.^a ANA LOPEZ-SUEVOS FRAGUELA

En SANTIAGO DE COMPOSTELA, a trece de maio de dous mil dezanove.

Por recibido escrito da representación procesual do querelado D. Miguel Angel Delgado López aportando documentación, engádase ás actuacións.

MODO DE IMPUGNACIÓN: mediante interposición de recurso de reforma no prazo de tres días perante este Órgano xudicial.

O acorda e asina S.S^a.; dou fe.

A MAXISTRADA

A LETRADA DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA